

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Este proxecto pretende un achegamento conxunto e compartido para adquirir ás competencias básicas, colaborando con todas as materias, para intentar afianzar unha ensinanza global, integradora e máis completa para o alumnado, a través dunha viaxe virtual polas diferentes culturas do mundo.

A proposta que presenta o Departamento de Música permitirá descubrir, crear e compartir diferentes recursos de estudo, como xerar mapas mentais, fichas, brainstormings, presentacións en diferentes plataformas dixitais, tests e apuntes, mediante aspectos esenciais da cultura das diferentes cidades do mundo, ademais, intentará ser un referente de traballo interdisciplinar, potenciando valores como o traballo en equipo, compromiso, solidariedade, inclusividade, competencias básicas como a lingüística, a competencia dixital, aprender a aprender, a interacción co mundo físico e coordinando materias como as linguas, xeografía e historia, arte, economía, música, educación plástica e visual, E.F., etc.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diseñar un plan de traballo para a realización dunha viaxe virtual polo mundo	Comprender o mundo no que vivimos dende unha perspectiva ampla. Que o alumnado empatice coas diversas culturas do mundo, coas súas características, problemáticas? - Reflexionar sobre as actuacións a tomar, sobre a elección de destinos, os riscos e os retos que supone estes. Decidir a duración do proxecto e identificar os seus obxectivos. Decidir quen vai a realizar as diferentes	25	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deseñar un plan de traballo para a realización dunha viaxe virtual polo mundo	tarefas e a natureza das tarefas Facer balance das necesidades materiais para o proxecto e os recursos dos que disponemos. Determinar os pasos a seguir na súa execución.	25	10	X		
2	Desenvolver o proxecto	E a fase mais relevante e á que se adica maior tempo Terase en conta a coordinación, uso eficiente dos tempos e dos recursos. Identificaremos as propias potencialidades, o traballo en equipo, cooperativo, motivado e responsable. Desenvolvemento das habilidades sociais: empatía, asertividade, negociación, bo clima de traballo.	35	15		X	
3	Presentación do proxecto	Presentar os resultados obtidos dun xeito eficaz empregando estratexias de comunicación ligadas as novas tecnoloxías Emprego dunha linguaxe positiva e control das emocións.	40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deseñar un plan de traballo para a realización dunha viaxe virtual polo mundo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Coñecer as posibilidades sociais, culturais, lingüísticas, que pode aportar unha viaxe a calquera lugar do mundo	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Descubrir, crear e compartir diferentes recursos de estudo, como xerar mapas mentais, fichas, brainstormings, presentacións en diferentes plataformas dixitais, tests e apuntes, mediante aspectos esenciais da cultura das diferentes cidades do mundo		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Aprender a realizar tests, para identificar de maneira práctica a cultura, a música, a economía, as costumes, as formas de vida, e de traballo dos diferentes pobos do mundo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Decidir a duración do proxecto e identificar os seus obxectivos		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Apreciar nas viaxes virtuais, o valor do medio, aprender a desenvolverse en diferentes situación polo mundo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Desenvolver o proxecto	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Aprender a planificar, xestionar e organizar unha viaxe, tendo en conta todas a súas posibilidades	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Apreciar nas viaxes virtuais, o valor do medio, aprender a desenvolverse en diferentes situación polo mundo.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utilizar Cd's, aparato de reprodución de música e Dvd. Mapas, libros de lendas, tablets, ordenadores, móbiles, guías de viaxes, internet, material de papelería, programas de edición de vídeo/audio, presentación de diapositivas, etc.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Obtención de información a partir do intercambio de experiencias e do traballo cooperativo alumno-profesor e entre iguais.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Aprender a valorar a liberdade de expresión, a igualdade, a inclusión, o respecto á diversidade cultural, a importancia do diálogo e a realización de experiencias artísticas compartidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación do proxecto	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Facer unha ruta virtual arredor do mundo visitando os lugares mais representativos de cada continente.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprego dunha linguaxe positiva e control das emocións.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Coñecer as diferentes técnicas de estudo, a través de recursos como mapas mentais, esquemas, apuntes.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Organizar o estudo e traballo en equipo, para obter ferramentas, recursos visuais, como mapas físicos e dixitais, webs e blogs de viaxes, e		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Coñecer as diferentes técnicas de estudo, a través de recursos como mapas mentais, esquemas, apuntes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregaremos una metodoloxía activa por parte dos alumnos tanto coa realización de murais, traballos virtuais, etc.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Mapas, libros de lendas, tablets, ordenadores, móbiles, guías de viaxes, internet, material de papelería, programas de edición de vídeo/audio, presentación de diapositivas, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>35</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A nota do proxecto que aparecerá no boletín será orientativa e reflectirá o traballo na clase e a actitude e interese cara o mesmo.

As cualificacións serán o resultado da observación directa na aula, rúbricas, exposicións e cuestionarios que resuman o traballo realizado en cada trimestre.

A avaliación basearase en que o alumnado:

- Coñezan as diferentes técnicas de estudo, a través de recursos como mapas mentais, esquemas, apuntes.
- Aprendan a xestionar o seu tempo na busca da información dos diferentes rutas, pobos, culturas do mundo.
- Participen activamente na realización de murais onde se recollan as características de cada cidade, pobo, país ou continente proposto.
- Aprendan a respectar e valorar as diferentes culturas.
- Aprendan a desenrolarse nun medio estranxeiro, ante calquera circunstancia.
- Traballen e cooperen en equipo para conseguir os obxectivos comúns establecidos en todas as actividades do proxecto.
- Recoñezan e respecten a diversidade, social e cultural que nos rodea.
- Se sensibilicen e comprendan as circunstancias sociais que se dan en distintos lugares do mundo.
- Respeten as indicación do profesor/a creando un bo clima de traballo na aula.

### Criterios de recuperación:

Aínda a que a nota do proxecto que aparecerá no boletín será orientativa e reflectirá o traballo na clase e a actitude e interese cara o mesmo, as actividades de recuperación no caso que a nota da 3ª avaliación fose menor que 5, serán realizadas actividades de apoio, reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final ordinaria. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de

mellora. O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos. A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final ordinaria.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Esta materia soamente cúrsase nun ano escolar e a nota é informativa polo que se fai innecesario programar actividades de recuperación debido a que non haberá alumnos coa materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X
ET.6 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.8 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

### Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias e en el Proxecto Competencial, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas visitas a lugares de interese para o Proxecto.	Visitas a pobos, lugares, museos, exposicións, centros, recintos feirais, empresas, industrias, intercambios; etc.
Conmemoracións ou celebracións.	Celebración do día da constitución; Celebración do día da non violencia de xénero; Celebración do día da discapacidade; Celebración do Nadal; Celebración do día da paz; Celebración do día do libro; Celebración do día do Medio Ambiente; etc

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## 9. Outros apartados